



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE



BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

BASES REGULADORAS DA AXUDA DA REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE, DO PROXECTO EQUAL CONTA CON ELAS, DA A. D. ÁREA METROPOLITANA DE VIGO, FINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO

Con data 17 de novembro de 2004 o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais aproba o Proxecto da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo (en adiante MAIV) denominado Conta con Elas, cun montante económico total de 2.713.499,84 euros, no marco da Iniciativa Comunitaria Equal (2ª convocatoria) e financiado nun 75% polo Fondo Social Europeo. Este Proxecto enmárcase no Piar IV: Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres na área temática da segregación no mercado de traballo.

En marzo de 2005 constitúese formalmente a “Agrupación de Desenvolvemento Área Metropolitana de Vigo”, agrupación que é a máxima executora da boa e correcta realización das accións planificadas no Proxecto Conta con Elas, sendo a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo o organismo público responsable. O Proxecto Conta con Elas desenvolverá accións directas no territorio da Mancomunidade desde agosto de 2005 ata decembro de 2007.

A Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), organización empresarial máis representativa da provincia de Pontevedra, participa como entidade socia da A.D. Área Metropolitana de Vigo e se compromete a executar parte das accións do Proxecto. Unha das accións que lle corresponde levar a cabo é a denominada “REDE EMPRESAS POLA IGUALDADE”, consistente nunha liña de axudas que se regula nestas bases:

1. Obxecto e finalidade

1.1. O obxecto é a convocatoria de axudas para a aplicación de medidas efectivas a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en empresas que teñan a sede e algún centro de traballo no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e/ou desenvolvan a súa actividade empresarial no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

1.2. Con estas axudas trátase de fomentar a realización de accións positivas nas empresas, que promovan a incorporación e permanencia das mulleres no mercado laboral e que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral. As accións subvencionables están detalladas no punto número 3 destas bases.

2. Contía da axuda

A contía máxima da axuda será de 4.000 euros.

A suma total das contías de tódalas axudas percibidas por este concepto das distintas entidades públicas ou privadas e administracións non poderá superar o 100% do gasto. O gasto poderá referirse ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 30 de marzo de 2007, ámbalas dúas datas incluídas, na primeira convocatoria; e entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 30 de xullo de 2007 na segunda convocatoria. As empresas que participen na primeira convocatoria poderán participar na segunda no suposto de que non se lle concedese a axuda na primeira.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

3. Accións subvencionables

Serán obxecto da subvención as actuacións que impliquen medidas efectivas a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, de xeito que a devandita subvención se pode conceder para calquera acción que teña un custo económico acreditable mediante facturas e/ou documentos contables, sempre que a súa finalidade sexa combater a segregación horizontal e vertical, facilite a incorporación e permanencia das mulleres na empresa e posibíle a conciliación da vida laboral e persoal. Por tanto, as accións que se poden efectuar poden ser:

- Realización de obras (vestiarios para mulleres, baños...)
- Adaptación de postos de traballo
- Adquisición de roupas de traballo adaptadas a mulleres
- Implantación de sistemas de organización do traballo (teletraballo...)
- Convenios ou concertos con garderías e/ou centros de día
- Outras medidas

4. Empresas beneficiarias

- Poderán ser beneficiarias as empresas que teñan previsto ou estean levando a cabo as medidas establecidas no apartado anterior, que teñan a sede e algún centro de traballo no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e/ou desenvolvan a súa actividade empresarial no territorio da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.
- En ningún caso poderán ser beneficiarias destas axudas as empresas nas que concurra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

5. Prazo, solicitudes e documentación

5.1. Convocatoria

O prazo de solicitude comezará a contar ó día seguinte ó que apareza publicada a convocatoria nun dos diarios de maior tirada na MAIV.

1ª Convocatoria

O prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 30 de novembro de 2006, inclusive.

2ª Convocatoria

O prazo máximo de presentación de solicitudes remata o 30 de marzo de 2007, inclusive.

5.2. Solicitudes

As solicitudes presentaranse en data por correo certificado dirixido á Confederación de Empresarios de Pontevedra ("Rede de Empresas pola Igualdade", Proxecto Conta con Elas) situada na Avda. García Barbón, 104, 1ª Planta, 36201 Vigo.

As solicitudes tamén se poden presentar persoalmente na Confederación de Empresarios de Pontevedra, quedando constancia da súa presentación co rexistro de entrada.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

5.3. Documentación

Ás solicitudes hai que acompañar a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude
- Declaración do conxunto de tódalas solicitudes das axudas presentadas ou concedidas para o mesmo concepto de axuda polas distintas administracións públicas ou por calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades.
- Memoria ilustrativa do proxecto de acción positiva que se presenta na que se achegue ademais o calendario de actuación, orzamento e criterios de avaliación do proxecto.
- NIF do empresario ou empresaria cando sexa persoa física ou CIF cando se trate de persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- Certificación de Facenda da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- Certificación de Facenda (Xunta) da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde realizar o ingreso.
- Organigrama da empresa detallando e cuantificando a dimensión do cadro de persoal, de xeito que se especifiquen os postos ocupados por mulleres e por homes.

6. Criterios para a concesión da axuda

1. Empresas ás que se lles estea realizando ou se lles realizase dende o Proxecto Conta con Elas o MIDE (Medidas de Igualdade dentro das Empresas): Máximo 25 puntos
2. Empresas pertencentes a sectores nos que as mulleres se encontran subrepresentadas: Máximo 10 puntos
3. Empresas nas que se leven ou se vaian levar a cabo novas accións e/ou accións innovadoras para a empresa: Máximo 10 puntos
4. Empresas nas que a medida afecta a máis da metade do cadro de persoal: Máximo 15 puntos
5. Empresas nas que se consoliden e avancen as medidas xa implantadas: Máximo 10 puntos
6. Empresas nas que se adopte máis de unha medida: Máximo 10 puntos
7. Tamaño da empresa:
 - Microempresas (menos de 10 persoas traballadoras): 5 puntos
 - Pequena empresa (de 11 a 50 persoas traballadoras): 3 puntos
 - Mediana empresa (de 51 a 250 persoas traballadoras): 2 puntos
 - Grande empresa: 0 puntos
8. Achea económica da empresa en relación co custo total do proxecto: Máximo 5 puntos
9. Os elementos innovadores do proxecto presentado en relación co obxectivo de alcanzar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres: Valoración máxima 10 puntos

A puntuación máxima que pode acadar unha empresa é de 100 puntos.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

7. Comité de selección

Crearase un comité de selección que ha asumir a competencia da ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión da resolución. O citado comité estará formado pola xerente do Proxecto Conta con Elas ou a persoa en quen delegue, pola coordinadora de actividades empresariais do proxecto Conta con Elas da MAIV ou persoa en quen delegue e por outra persoa da Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP).

Poderá nomearse a unha persoa suplente por cada titular para que o/a substitúan no suposto da súa ausencia. Este comité reunirase as veces que considere oportunas e obrigatoriamente unha vez cada tres meses.

A forma de selección das empresas será en réxime de concorrencia competitiva para cada convocatoria separadamente.

No momento en que se seleccione a unha empresa para participar na acción "REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE" comunicaráselle por escrito. A empresa comunicará ó Proxecto Conta con Elas, mediante documento anexo nun prazo máximo de 10 días a contar dende o seguinte á recepción da comunicación, a aceptación ou renuncia a participar na acción "REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE".

O prazo máximo de resolución de solicitudes de cada convocatoria será de un mes a partir do último día de presentación de solicitudes. A Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), como entidade socia do Proxecto Conta con Elas e responsable da acción "REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE", será a entidade que, unha vez xustificada convenientemente a realización das medidas segundo os apartados 8 e 9, pagará o importe ás empresas.

8. Xustificación

Os pagos xustificaranse coa entrega dos documentos xustificativos (facturas pagadas ou documentos de valor probatorio equivalente) dos gastos realizados na execución do proxecto subvencionado.

O prazo para xustificar os gastos remata:

- Para a primeira convocatoria o 16 de abril de 2007, inclusive.
- Para a segunda convocatoria o 13 de agosto de 2007, inclusive.

A empresa beneficiaria deberá xustificar como mínimo a realización de gastos equivalentes ó orzamento aceptado, aínda que a subvención do importe sexa inferior.

9. Forma de pago

O pagamento da axuda farase mediante transferencia bancaria que realizará a Confederación de Empresarios de Pontevedra como entidade socia do Proxecto Conta con Elas e responsable da acción "REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE", trala xustificación por parte da empresa beneficiaria da realización das accións obxecto desta axuda.

O comité de seguimento da acción "Rede de Empresas pola Igualdade" aproba o pago desta axuda á empresa.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN
REDE DE EMPRESAS
POLA IGUALDADE**10. Obrigas das empresas**

Son obrigas das empresas beneficiarias, nos termos do artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das axudas obxecto da presente convocatoria.
2. Xustificar ante a Confederación de Empresarios de Pontevedra, entidade responsable da acción "REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE" dentro do Proxecto Conta con Elas da MAIV, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da actividade que determine a concesión ou goce da axuda.
3. Custodiar a documentación acreditativa do cumprimento das obrigas ás que se refire o parágrafo anterior e manter a citada documentación actualizada a disposición do Proxecto Conta con Elas da MAIV.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectúen no proxecto Conta con Elas, así como calquera outras de comprobación e/ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicar ó Proxecto Conta con Elas da MAIV a obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
6. Acreditar que está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.
7. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á empresa beneficiaria en cada caso.
8. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, e en todo caso durante un período mínimo de 6 anos dende a liquidación da subvención.
9. Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
11. Obter o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitarlles a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa aplicable, en tódolos supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban obter, tratar e comunicar ó Proxecto Conta con Elas da MAIV datos persoais de terceiras persoas.

BASES REGULADORAS DA ACCIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

11. Financiación e compatibilidade con outras axudas

A concesión desta axuda será compatible coa percepción doutras axudas e/ou subvencións procedentes de calquera administración ou Ente Público ou Privado, nacionais ou internacionais, sempre que o seu importe sexa de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións, non supere o custo total da actividade.

12. Lexislación aplicable

A lexislación aplicable ás bases desta convocatoria é a seguinte: as normas comunitarias aplicables, as normas nacionais de desenvolvemento ou trasposición daquelas; a lexislación básica do estado: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con carácter supletorio á lexislación estatal non básica, á normativa autonómica e demais normas que poidan ser de aplicación



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A APLICACIÓN DE MEDIDAS DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES NAS EMPRESAS: REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

D/D^a [redacted] con D.N.I. [redacted]

en nome e representación da empresa [redacted]

con CIF [redacted]

solicita a concesión da axuda para a aplicación de medidas de igualdade entre homes e mulleres nas empresas convocada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA no marco do Proxecto Conta con Elas e declara baixo a súa responsabilidade que tódolos datos achegados con esta solicitude son certos, segundo o disposto na presente convocatoria, e se compromete a:

1. Achegar os xustificantes necesarios para a súa comprobación.
2. Cumprir cos requisitos de compromiso e aceptar, no seu caso, as verificacións que procedan, de acordo coas axudas solicitadas.

Ademais, xunta a seguinte documentación:

- ☐ Datos da empresa (anexo 1)
- ☐ Declaración do conxunto de tódalas solicitudes de axudas presentadas ou concedidas para o mesmo proxecto polas distintas administracións públicas ou por calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo 2)
- ☐ Memoria ilustrativa do proxecto de acción positiva que se presenta, con inclusión do calendario de actuación, presuposto e criterios de avaliación do proxecto (anexo 3)
- ☐ NIF do empresario ou empresaria cando sexa persoa física ou CIF cando se trate de persoa xurídica, e poder de representación da persoa que a representa.
- ☐ Certificación da Seguridade Social da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Certificación de Facenda da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Certificación de Facenda (Xunta) da empresa de estar ó corrente das súas obrigas e de non ter débedas.
- ☐ Certificado bancario de existencia de conta corrente da empresa onde realizar o ingreso (anexo 4)
- ☐ Organigrama da empresa detallando os postos ocupados por homes e por mulleres

Sinatura da/do solicitante

Vigo, a [redacted] de [redacted] de 200 [redacted]

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

ANEXO 1: DATOS EMPRESA

Nome

CIF

Nº Inscripción Seg. Soc.

SECTOR Actividade

CNAE

Localidade Provincia

Enderezo C.P.

Teléfono Fax

E-mail Páxina web

Nome da persoa de contacto

Cargo

Teléfono E-mail

Tamaño da empresa:

- ☐ Microempresa (menos de 10 persoas traballadoras)
- ☐ Pequena empresa (de 10 a 49 persoas traballadoras)
- ☐ Mediana empresa (de 50 a 249 persoas traballadoras)
- ☐ Gran empresa (máis de 250 persoas traballadoras)

Sector masculinizado:

- ☐ Si
- ☐ Non

Porcentaxe de mulleres na empresa



SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

ANEXO 2: DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO CONCEPTO

D/D^a
con DNI
en nome e representación da empresa
con CIF

DECLARA:

- ☐ Que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/es e, no seu caso, foille concedida a seguinte axuda para o mesmo concepto:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE PÚBLICA Á QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	CONTÍA

- ☐ Non ter solicitado a outras administracións públicas nin ter concedida ningunha axuda para o mesmo fin por parte das citadas administracións.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

ANEXO 3: MEMORIA DO PROXECTO

- OBXECTIVO DA APLICACIÓN DA ACCIÓN POSITIVA

- MEDIDAS QUE SE VAN APLICAR

- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS AFECTADOS/AS POLA MEDIDA

- RESULTADOS ESPERADOS

- PRAZO DE EXECUCIÓN

- CUSTO DAS ACCIÓNS

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN REDE DE EMPRESAS POLA IGUALDADE

ANEXO 4: FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

Titular da conta DNI/NIF
Enderezo
Localidade Código Postal
Teléfono

DATOS DA CONTA

CÓDIGO ENTIDADE CÓDIGO SUCURSAL D.C. CÓDIGO DA CONTA

Entidade financeira
Enderezo
Localidade Código Postal

CERTIFICO:

Que os datos especificados arriba son correctos e corresponden ó título e número de conta.

En Vigo a de de 200

Sinatura do solicitante

Sinatura e selo da entidade